

REGULAMENTO DAS FIGURAS HONORÍFICAS DE PROFESOR E INVESTIGADOR “AD HONOREM” DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado na sesión do Consello de Goberno do día 25 de marzo de 2009)

LIMIAR

O Consello de Goberno do catorce de marzo de dous mil oito aprobou o Regulamento de honras e distincións da Universidade de Santiago de Compostela. No seu artigo 1.4 establece que “O Consello de Goberno poderá aprobar outros mecanismos de recoñecemento pola realización de actividades a favor da USC, tales como profesor ou investigador “*Ad honorem*”, etc. que terán unha regulación específica.”

Convén así regulamentar a incorporación ocasional de relevantes profesionais que colaboren coa docencia e á investigación, pretendendo colaboracións que acheguen á universidade o coñecemento profesional, científico, técnico ou artístico que nace ou se actualiza tanto no campus universitario como fóra del.

O nomeamento de persoas nesta categoría ten antecedentes noutras universidades e se trata dun nomeamento honorífico sen dereito a retribución e se atopa excluído das relacións laborais polo artigo 1.3.) d) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, considerando os traballos realizados a título de benevolencia.

Na presente normativa se regula o procedemento de nomeamento e o límite á colaboración dos Profesores e/ou Investigadores “*Ad honorem*” á Universidade de Santiago de Compostela. Á súa vez, pola propia garantía dos designados e a seguridade da universidade, inclúese como requisito que os propostos para o nomeamento manteñan un vínculo xurídico principal sometido a calquera réxime da Seguridade Social, mantendo a posibilidade de que poderán ser nomeados Profesores/Investigadores “*Ad honorem*”, persoas de relevante prestixio profesional que se atopen na situación de xubilación.

En virtude do anteriormente exposto, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do día 25 de marzo de 2009, acordou a aprobación do seguinte:

REGULAMENTO DAS FIGURAS HONORÍFICAS DE PROFESOR E INVESTIGADOR “AD HONOREM” DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1.- Profesores e/ou Investigadores “Ad honorem”

1. Poderán ser designados/as como Profesores e/ou Investigadores “Ad honorem” aquelas persoas de relevante prestixio profesional no seu campo que colaboren desinteresadamente en actividades formativas e/ou investigadoras da USC.

2.- O nomeamento será honorífico e a súa colaboración coa USC será ocasional e a actividade a realizar será voluntaria e a título de benevolencia.

3.-Cada profesor ou profesora “Ad honorem” poderá colaborar na impartición dun máximo de dez clases ou conferencias, dentro dunha mesma materia e curso académico, en caso de que estas se encadren en materias regradas da oferta docente da Universidade.

4.- Os investigadores “Ad honorem” poderán colaborar en actividades de asesoramento e investigación, incluídos contratos, convenios ou proxectos de investigación, neste caso sen que a súa dedicación presencial sexa superior a catro horas á semana ou o seu equivalente anual.

5.- Asimesmo, poderán colaborar na organización doutras actividades académicas ou de investigación non regradas (congresos, conferencias, encontros, grupos de traballo, etc.)

Artigo 2.- Requisitos

1. Só se poderá autorizar o nomeamento honorífico de Profesor ou Investigador “Ad honorem” no caso de que se cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que o candidato ou candidata sexa unha persoa de relevante prestixio profesional.
- b. Que o candidato ou candidata acredite que se atopa en situación de alta na Seguridade Social ou mutualidade equivalente, mediante certificado expedido polo órgano competente. O cumprimento de devandito requisito deberá acreditarse debidamente actualizado.

c. O candidato non poderá estar desempregado, nin afectado pola normativa sobre incompatibilidades (art. 1.1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro), nin desenvolver esta función como actividade principal. Poderán ser nomeados Profesores ou Investigadores “Ad honorem”, persoas de relevante prestixio profesional que se atopen na situación de xubilación.

Artigo 3.- Procedemento

1.- A iniciativa de recoñecemento será proposta polo reitor/a ao Consello de Goberno, debidamente motivada e deberá contemplar unha proposta de colaboración e o currículo actualizado do candidato ou candidata.

2. O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela realizará a correspondente designación para o desempeño da actividade de Profesor e/ou Investigador “Ad honorem”, en execución do acordo adoptado, indicando o tipo de actividade á que se orienta dito recoñecemento, e expedirá o Diploma de recoñecemento de tal condición. A devandita designación será para un período dun curso académico, podendo prorrogarse dita designación.

3. A consideración de Profesor e/ou investigador “Ad honorem” quedará supeditada á aceptación do interesado en realizar a actividade proposta.

4. A Secretaría Xeral levará un Libro-Rexistro para cada unha das distincións ás que fai referencia este Regulamento. En cada un deles se inscribirán por orde cronolóxica as diferentes concesións. Este rexistro será público e estará custodiado polo Secretario/a Xeral. Sen prexuízo do anterior a USC poderá facer públicas todas as distincións na súa sede electrónica.

Artigo 4

1. A actividade do Profesor/Investigador circunscrita á figura “Ad honorem” non dará dereito a retribución algunha por parte da Universidade.

2. A relación xurídica do Profesor/Investigador “Ad honorem” será de Dereito Administrativo, considerándose como actividade realizada a título de benevolencia.

3.- Ao Profesor/Investigador “Ad honorem” poderá expedírselle a tarxeta universitaria de identificación (TUI) e terá acceso aos servizos inherentes á mesma, así como outros que se estipulen no seu caso.

Artigo 5

O Consello de Goberno poderá establecer un límite ao número de Profesores/Investigadores “Ad honorem” para toda a Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 6

O desempeño da actividade propia dos Profesores e/ou Investigadores “Ad honorem” terá a consideración de actividades excluídas do réxime de incompatibilidades de conformidade co art. 19 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Para o desenvolvemento de colaboracións non será necesario o título de doutor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Ás persoas xa designadas con esta distinción honorífica aplicaráselles o presente Regulamento.

Con anterioridade a este Regulamento xa foron nomeados como investigadores “Ad honorem” as seguintes persoas:

- D. Emilio Rolán Mosquera
- D. Ricardo Gurriarán Rodríguez
- Dona Inmaculada Paz Andrade

DISPOSICIÓN FINAL

A presente disposición entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.